

Castelao BIC



AVELINO
ABUÍN
DE TEMBRA

Demorou moito. Tardou demasiado. Unha cousa é o que se pensa a nivel particular e outra diferente levalo á práctica. Con Alfonso Daniel Rodríguez Castelao danse unha morea de falacias. Proclámase líder, guía, luz e adaíl de Galicia e despois esquecese case por completo. Semella como que a doutrina de Caetelao era útil nos tempos en que se predicada a revolución e na época de goberno en calmosía non nos serve.

Se lle sacamos o escaso culto e os tristes ritos da fundación homónima, Castelao permanece senlleiro e solitario en Bonaval e na Rúa de Abaixo de Rianxo. Resulta bonito falar de Castelao, da súa mensaxe e do seu exemplo. Agora só lle intere-

sa ao consistorio rianxeiro. A Pedro Piñeiro, alcalde de Rianxo, maiormente.

Protesto polo trato que se lle veu dando a Castelao. En parte alivia do polo auto ditado polo xulgado contencioso administrativo do 17 de novembro, coñecido estes días. Segundo o veredito, os funcionarios de Patrimonio Cultural poderán entrar na casa que lle pertenceu a Castelao para comprobar o estado actual do inmoble e para unha reportaxe fotográfica.

Obsérvese o contraste: podese exonerar a marqueses, infanzóns e fidalgos de castelos e fortalezas e non se pode, pola contra, visitar a morada do insigne prócer. Vostede acode a Rianxo e non pode visitar a mansión de Castelao. Pode, como moito, visitalo no Paseo da Ribeira. A casa é unha propiedade privada, non dunha descendencia directa de Castelao senón dunha doazón por gratitude a un vástago de Baltar. Algún día hase coñecer por que e co-

A idea de declarar BIC a casa de Castelao de Rianxo vén de lonxe

mo chegou ás mans dese Baltar. Un Baltar consorte foi o que trouxo as cinzas de Castelao desde a Chacarita. Outro Baltar de sangue é o posuidor, antagonista de consideralo BIC: Ben de Interese Cultural.

A idea de declarar BIC a casa de Castelao de Rianxo vén de lonxe. Hai quen me di que na propia vila están aborrecidos de que se estea pensando en Castelao. Sorprende a apatía de certa xente ante a transcendencia de Castelao. Ou non se coñece ou se é inimigo do seu pensamento.

Castelao non pode xerar indiferenza. É un personaxe nido, puro, claro e, desde logo, contundente. Se non houbese un Castelao en Ga-

licia, as letras e a política de Galicia estarían orfas e mesmo desvalidas. Castelao é, paralelamente a Rosalía, o escritor, artista e pensador galego máis eximio, pese a quen lle pese. Non se pode entender a Galicia presente sen acudir a Castelao. *Sempre en Galiza* é para moitos a biblia do galeguismo e da galeguidade. Nestes momentos en que se solicita pendurar da forza os nacionalismos periféricos, Castelao e o seu credo fannos perseverar e confiar na nosa definitiva salvación.

Teño manifestado como debería Galicia venerar e amar a Castelao. Como habería que promover a presenza de Castelao na vida pública e institucional. Partindo da idea de ser Castelao un patrimonio panga-laico, a administración pública galega debería promover a súa aceptación en todos os ámbitos do país. Castelao foi, efectivamente, un nacionalista. O pai do nacionalismo galego, civilizado, integrador, pacífico e eterno. ●